


Lingua 3º / Unidade 11 / A planificación

Actividade 1

Enunciado: Escribe o nome dos debuxos e fai unha oración con cada un deles.



Solución

Abrelatas, paracaídas, afialapis, papaventos.

Resposta libre. Cómpre que se escriba sen faltas de ortografía e con imaxinación.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía. | Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros. | Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Recoñece e forma palabras compostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Actividade 2

Enunciado: Relaciona e forma palabras.

| | | |
|-------|---------|-------|
| garda | sol | _____ |
| xira | ollos | _____ |
| ante | botas | _____ |
| limpa | bosques | _____ |

Solución

Gardabosques, xirasol, anteollos, limpabotas.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía. | Realiza o que se solicita e comete ata dous erros. | Realiza o que se solicita e comete ata tres erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Recoñece e forma palabras compostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Actividade 3

Enunciado: Identifica o suxeito e o predicado.

O mestre explicou o problema.

André toca o piano.

A miña irmá escribiu un libro.

O público aplaudiu o espectáculo.

Solución

O suxeito vai subliñado e o predicado vai en vermello.

O mestre explicou o problema.

André toca o piano.

A miña irmá escribiu un libro.

O público aplaudiu o espectáculo.

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro. | Realiza o que se solicita e comete un erro. | Realiza o que se solicita e comete ata dous erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Identifica o suxeito e o predicado nunha oración.

Competencias clave

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 4

Enunciado: Escribe un predicado para cada un dos seguintes suxeitos.

A miña avoa_____.

A praia_____.

Eu e o meu irmán_____.

O gato negro_____.

O mestre_____.

Os amigos_____.

Solución

As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

| Rúbrica | | | |
|---|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro. | Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Relaciona suxeito e predicado de forma coherente.

Competencias clave

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 5

Enunciado: Divide as seguintes palabras como o farías ao final dunha liña.

Bolboreta_____

Montaña_____

Solución

Bol-boreta, bol-bo-re-ta, bolbo-reta, bolbore-ta.

Mon-taña, mon-ta-ña, monta-ña.

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro. | Realiza o que se solicita e comete ata un erro. | Realiza o que se solicita e comete ata dous erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Usa o guión para dividir una palabra ao final de liña.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias

sociais

e

cívicas.

Actividade 6

Enunciado: Copia o texto dividindo as palabras destacadas como final de liña.

A pequena apisoadora non **sabía**
nada da banda da Man Negra. **Todos**
os seus pensamentos **estaban**
postos no Nadal.

Solución

Sa-bía
To-dos
Es-ta-ban

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro. | Escribe o que se solicita e comete un erro. | Escribe o que se solicita e comete ata dous erros. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Usa o guión para dividir unha palabra a final de liña.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Competencias sociais e cívicas.

Actividade 7

Enunciado: Explica por que estas palabras non están ben divididas.

Tartar-uga

Autoestr-ada

Solución

Porque non se pode dividir unha sílaba.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Usa o guión para dividir unha palabra a final de liña.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 8

Enunciado: Completa o texto con **b** ou **v**.

Cando salta__amos á corda estaba moi contenta e recorda__a os días de __erán, cando regresa__a da praia, e ao caer a noite xoga__amos todos os __eciños no camiño ata que chega__a a noite.

Solución

Cando saltab**amos** á corda estab**a** moi contenta e recordab**a** os días de **v**erán, cando regresab**a** da praia, e ao caer a noite xogab**amos** todos os **v**eciños no camiño ata que chegab**a** a noite.

| Rúbrica | | | |
|--|--|---|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita. | Escribe o que se solicita e comete ata dous erros. | Escribe o que se solicita e comete ata catro erros. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece e aplica as normas do uso do h.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 9

Enunciado: Escribe o itinerario que fas ao volver á casa desde a escola.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Elabora un itinerario.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 10

Enunciado: Define coas túas palabras o teatro.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Coñece as características do teatro.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.